

-Sutura-

Arroia eternamente.

Todas as noites,

aparece a brétema,

na escuridade, no silencio.

Enfría a miña pel,

faima rabuñaduras de porcelana.

Déixame empapado,

sangrando,

por todas esas espiñas de vidro.

A saraiba,

viste de loito.

E susurra no fondo dun bosque,

e canta, e chora e salta.

E o silencio arde,

e o orballo,

morre.

Todas as noites

aparece a brétema,

e apértame con forza,

e no meu oído,

susurra como choiva.

E pulula con harmonía,

E canta segundos,

E pía versos de cristal.

E pía versos de vidro.

-Xirasois de ferro-

A lúa agocha os seus ollos,

e ela viste o seu corpo,

cun veo de tempo.

Conta as pingas de auga,

que o vapor do seu té deixa na fiestra.

Son pingas verdes, pero a infusión é de rosas.

Tersa, disfruta do amencer cálido,

acompañada por tres nubes,

que desaparecen,

e ela sorrí.

A fina agulla do salón canta.

A montaña escoita, paciente.

Os segundos non pasan.

Cheira a madeira, a libro vello.

Palpa a cerámica, o frío do chan.

Unha corrente de vento, pura.

E o seu rostro rómpese,

e píntase de negro,

e adéntrase no vacío da tormenta.

-Últimos-

Espida.

Fría.

Deixei de ver,

e todas as bolboretas do meu estómago

rebentaron

tintando a miña pel de cor cereixa.

E berraron,

e bailaron

nun charco de cuspes,

esas voces de sangue.

Espida e fría.

Os meus beizos tatexaron versos de orballo.

Mollados, brancos.

Versos vacíos.

E choraron,

e saltaron,

e morreron, esas voces de sangue,

esas voces de radio.

E calaron,

coma calei eu.